



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

ANUNCIO

Peche do tráfico rodado en A Praza das Rodas

Con data de 26 de maio de 2016 dictouse resolución da Alcaldía ao amparo do previsto nos artigos 7, apartado f, e 18 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial acordando o seguinte:

- 1º.- Que se peche ó tráfico rodado a Praza Rodas dende o próximo día 3 de xuño e ata o 30 de setembro de 2016, ambos inclusive, co obxecto de garantir a seguridade vial, permitindo só o acceso a dita zona por parte de residentes para entrada a garaxes.
- 2º.- Habilitar en todo caso o acceso á citada Praza Rodas dos vehículos que circulen en servizo de urxencia, debendo realizarse dita entrada dende a Praza da Leña, para o que se procederá por parte da Xefatura da Policía Local a efectuar e sinalizar os cambios que resulten necesarios aos indicados efectos.
- 3º.- Que se publique a referida información, tanto no B.O.P. de Pontevedra como na páxina web do Concello, dándoselle tamén a máxima difusión a través dos diferentes medios de comunicación; e,
- 4º.- Que se lle dea traslado da presente Resolución á Xefatura da Policía Local, mediante copia, e se remita comunicación expresa aos diferentes servizos de seguridade: Bombeiros, Protección Civil, Urxencias Médicas 061, Emerxencias 112, Garda Civil, Corpo Nacional de Policía e Policía Autonómica, para o seu coñecemento e cumprimento.

En Cambados, a 26 de maio de 2016A Alcaldesa Asdo: Fátima Abal Roma

